

Os Paos de Choiva son instrumentos musicais que empregaban os habitantes indíxenas de América para imitar o son da choiva. Producen un son moi relaxante, e son bastante doados de facer...
Atrevémonos?

Instrucións para facer un pao de choiva


Materiais:

- Un tubo de cartón do papel de cociña
- Escarbadentes
- Tesoiras
- Lentellas
- Cartón
- Pistola de silicona
- Celo ou cinta de carroceiro
- Material para decoralo (ao gusto de cada quen)

Temos que furar o tubo facendo unha espiral, e por eses buracos meteremos os escarbadentes, que os haberá que fixar cunha pouca silicona.

Cando estean ben secos e asegurados teremos que cortar os anacos sobrantes.

Logo cun pouco de cartón faremos unhas tapas para os dous extremos.



Volvemos a lle dar un pouco de silicona para que quede ben pegado, e pegamos unha das tapas.
Metemos as lentellas, que van ser a nosa choiva, e colocamos a outra tapa.
Despois envolvemos todo coa cinta de carroceiro ou con celo.



Podemos tamén, se queremos que quede máis acolchado, envólvelo con plástico de embalar, dese que ten burbullas de ar.
Logo o forramos e o decoramos como nos apeteza.
E xa temos o noso pao de choiva.
Facédeo soar movéndoo suavemente... a que mola?

